



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TUI E A ENTIDADE⁸ "MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS"

Tui, a - 7 NOV. 2016

Reunidos,

Dunha parte Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui.

Doutra parte HERMINIA LOPEZ ANDRADE, con DNI 35542986M, en nome e representación do "MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS", entidade sen ánimo de lucro, con número de CIF R3600076H, e domicilio aos efectos de notificacións en R/ As Monxas, Nº 16 36700 TUI .

Ámbolos dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e subscribir o presente convenio:

CONSIDERAN

1.-Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ó amparo do disposto no artigos 28.1 da Lei 37/2013, do 17.11, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13.06 de subvencións de Galicia.

2.- Que en virtude do establecido no orzamento do Concello para o ano 2016 prevese unha achega a esta entidade dunha subvención de carácter nominativo polo importe de 3.500,00€, na partida 231.48921.01.

3.- Que de acordo co establecido na Lei xeral de Subvencións, é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Tui, no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na devandita Lei.

4.- Que acordouse aportar como subvención nominativa polo Concello de Tui a cantidade de 3.500,00€ no ano 2016, para axudar a sufragar os custes do MANTEMENTO DO MOSTEIRO DAS CLARISAS DETUI, punto de referencia para os peregrinos e visitantes de Tui, que forma parte do Conxunto Artístico Monumental, permitindo a habitabilidade en condicións de salubridade dos seus residentes" Anualidade 2016.

E por todo o anterior subscriben o presente Convenio coas seguintes:

CLAUSULAS

1º OBXECTO DA SUBVENCIÓN

I.- É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Tui coa entidade MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS co fin de cubrir parte dos gastos de MANTEMENTO DO MOSTEIRO DAS CLARISAS DETUI, punto de referencia para os peregrinos e visitantes de Tui, que forma parte do Conxunto Artístico Monumental, permitindo a habitabilidade en condicións de salubridade dos seus residentes" Anualidade 2016.

II.- A MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS é unha entidade relixiosa sen ánimo de lucro.

III.- Tanto o Concello como a entidade teñen fins comúns e, polo tanto, é preciso unha colaboración estreita que permita acadar a habitabilidade en condicións de salubridade do Mosteiro das Clarisas de Tui, segundo o establecido no artigo 25.2.e) da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, así como a protección do Patrimonio Histórico do Municipio, ó abeiro do establecido no artigo 25.2.a) da devandita Lei.

IV.- O Concello de Tui comprométese ante a entidade MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS a subvencionar unha cantidade máxima de 3.500,00€ para axudar a sufragar os custes correntes que ocasiona o MANTEMENTO DO MOSTEIRO DAS CLARISAS DETUI, punto de referencia para os peregrinos e visitantes de Tui, que forma parte do Conxunto Artístico Monumental, permitindo a habitabilidade en condicións de salubridade dos seus residentes" Anualidade 2016, tendo dita asociación que presentar a axeitada xustificación en cumprimento do establecido na Lei xeral de subvencións, Lei de subvencións de Galicia, Regulamento de Fomento e Bases Xerais Tipo do Concello de Tui.



A actividade obxecto da subvención, de acordo co establecido pola Lei Xeral de Subvencións pode estar xa realizada ou pendente de realizar pero sempre se levará a cabo dentro do exercicio 2016, a cal é obxecto de subvención.

V.- No momento da firma do presente Convenio xúntanse os documentos seguintes:

- Impreso de solicitude de subvención cuberto.
- Memoria das actividades desenvoltas ou a desenvolver.
- Previsión de orzamento de ingresos e gastos referidos a actividade subvencionada.
- Declaración responsable de non estar en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de subvencións ou axudas públicas e non concorren as causa do artigo 13 da LXS, así como, de non ter pendente de xustificar subvención ningunha.
- Declaración doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade solicitadas ou concedidas por calquera outra Administración ou ente público ou privado.
- Certificados dos Organismos competentes que acreditan estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Facenda autonómica e fronte a Seguridade Social.
- C.I.F da entidade e NIF do Presidente, solicitante da subvención nominativa.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación por entidade beneficiada, no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente

VI.- Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos e recursos para a mesma finalidade, sempre e cando non financien no seu global máis que o gasto realizado.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Tui a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no intre en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total das subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, do 21.06, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

2ª GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido, e en particular os seguintes:

Gastos correntes de MANTEMENTO DO MOSTEIRO DAS CLARISAS DETUI, permitindo a habitabilidade en condicións de salubridade dos seus residentes" Anualidade 2016. En especial serán subvencionables os gastos de subministración de enerxía eléctrica e calefacción.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros debedores das contas bancarias
- b) xuros, recargas e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

3ª FORMA DE PAGAMENTO

O beneficiario percibirá o importe da subvención concedida unha vez realizada a actividade subvencionada e xustificada documentalmente ante o Concello, nos termos previstos no Regulamento municipal regulador da actividade de fomento e Bases xerais tipo do Concello de Tui.

Os pagos tramitaranse previo informe do concelleiro de Servizos Sociais do concello, no que especifique que procede por cumprirse as cláusulas do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS

I.- A xustificación da subvención deberá de facerse conforme establece a Lei Xeral de Subvencións e o Regulamento da mesma, debendo presentar conta xustificativa coa seguinte documentación mínima:



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

- Memoria de actuación.
- Memoria económica.
- Conta xustificativa, relación pormenorizada de gastos do programa ou actividade.
- Facturas regulamentarias orixinais polo importe da subvención concedida. (Con tódolos requisitos esixidos polo R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación).
- Xustificantes de pagamento das mesmas, mediante adeudo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento das facturas segundo o establecido nas Bases xerais tipo do Concello de Tui (Conter o selo de "pagado" co asinado e NIF do perceptor).
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria, das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.
- De non estar vixentes os certificados presentados coa solicitude, Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social, actualizados.
- Exemplar da documentación gráfica da actividade onde conste que a patrocina ou colabora o Concello de Tui

O prazo de xustificación iniciárase o día seguinte á data de notificación da resolución da subvención. A duración do mesmo será de **dez días hábiles**.

II.- A entidade **MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS**, obrígase a realiza-las xestións oportunas para levar a termo ditas actividades, comprometéndose a destinar o importe da cantidade recibida do Concello de Tui ao fin indicado.

Si o custe total da actividade subvencionada resultara ser menor que o contemplado para a concesión da subvención, ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

5ª OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade **MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS** queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

Primeiro.- Levar a cabo unha correcta execución do MANTEMENTO DO MOSTEIRO DAS CLARISAS DETUI, punto de referencia para os peregrinos e visitantes de Tui, que forma parte do Conxunto Artístico Monumental, permitindo a habitabilidade en condicións de salubridade dos seus residentes" Anualidade 2016, para o que ten plena capacidade de obrar e goza de total autonomía. O programa organizase baixo a súa única e exclusiva responsabilidade, tanto fronte ao Concello como fronte a terceiros.

Segundo.- Asumir tódolos gastos derivados da organización e desenvolvemento.

Terceiro.- Facer constar nas publicacións e material do programa, en lugar destacado, o logotipo do Concello de Tui e a súa colaboración.

Cuarto.- Xustifica-la execución das actuacións e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable.

Quinto.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.

Sétimo.- Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Comprobarase de oficio que o **MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS** está ao corrente coa Facenda Municipal.

6º VIXENCIA DESTE CONVENIO

O presente Convenio de colaboración terá vixencia durante a presente anualidade 2016

7ª CONTROL

Para un mellor control do Concello, o **MONASTERIO DE SANTA M. CONCEPCION HERMANAS CLARISAS**, estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.

8ª REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda facer o órgano municipal competente.

As causas de reintegro serán as reguladas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e as cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto na Lei Xeral Orzamentaria.

9ª RESOLUCIÓN

I.- Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

II.- Dada a natureza xurídico - pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa.

III.- As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.

10ª LEXISLACIÓN APLICABLE

A subvención obxecto do presente convenio rexeráse por:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2016, de 21 de xullo, regulamento xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Tui para o 2016.
- Regulamento da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.
- Bases xerais tipo da concesión de subvención do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.

9ª BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS

En cumprimento do establecido na resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 8 b).

De acordo coas bases expostas, asinan o presente convenio, no lugar e data citados inicialmente,

Polo concello,
O Alcalde,

Enrique Cabaleiro González

Da fe
A Secretaria,

Pilar Fernández Alonso.

Pola entidade,

HERMINIA LOPEZ ANDRADE

